



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2022-2025.

EDICTO

Mediante resolución de data 22-07-2022 aprobáronse as Bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2022 – 2025, tendo estas o seguinte tenor:

BASES DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E PISTAS ESCOLARES NO CONCELLO DE FERROL PARA A TEMPADA 2022 – 2025.

Existen na cidade un gran número de clubs entidades deportivas que non dispoñen de instalacións deportivas propias para desenvolver as actividades que lles son inherentes polo fan necesario que éstas sexan desenvolvidas en instalacións deportivas municipais ou ben aquelas cedidas a través de convenios de colaboración con outras entidades.

A gran demanda destas instalacións dá lugar a que sexa necesario aprobar estas Bases e regular de forma ordenada o procedemento de solicitude das instalacións así como a prelación á hora de repartir as horas entre os diferentes solicitantes.

Corresponde ao Concello de Ferrol a través da Concellaría de Deportes, promover a práctica deportiva, en virtude das competencias propias que le outorga a *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*, no seu artigo 25.2. De igual maneira a mesma competencia estalle recoñecida aos municipios pola *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*.

A súa vez, a *Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia* establece no seu artigo 8 entre as competencias dos municipios:

- “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan cedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar a súa debida hixiene e seguridade(...)”

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- Outorgamento de autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares (anexo I) dende o **1 de setembro de 2022 ou a data de resolución do expediente ata o 31 de agosto de 2025.**

Para adaptarse os cursos ou tempadas deportivas, estableceranse os seguintes períodos:

- Períodos de Tempadas (do 1 setembro o 30 de xuño de cada tempada).
- Períodos estivais (Xullo e Agosto)

Serán obxecto de autorización os seguintes usos:

- Reservas **permanentes** de espazos :
- De clubs deportivos con **equipos sénior** que militan na 1º ou 2º división nacional (división honra ou prata) na tempada 2022/2023.
- Reservas permanentes de clubs asociacións e entidades para adestramentos e **competicións de calendarios oficiais**
- Reservas permanentes de espazos de clubs, asociacións e entidades para **actividade non federada.**
- **Reservas programadas de centros educativos** e organismos públicos no termo municipal de Ferrol en horario lectivo (horario de mañá), para actividades relacionadas coa materia de Educación Física.

· Reservas **puntuais** para a realización de eventos deportivos de interese para a cidadanía (campionatos, torneos, partidos, amistosos, campus, xornadas, exhibicións deportivas...)

2.- RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais
- Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia
- Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 26/2015, de 28 de xullo, en relación ás persoas en contacto habitual con menores durante o desenvolvemento da actividade obxecto da solicitude,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas de Galicia.
- IV Convenio Colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia
- Regulamento de réxime interno de instalacións deportivas publicado no BOP de 30 de decembro de 2010.
- Lei 2/1996 de 8 de maio de Galicia sobre drogas.
- Lei 11/2010 de 17 de decembro de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Lei 28/2005 do 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro o consumo e a publicidade nos produtos do tabaco.
- Plans de autoprotección das instalacións deportivas:

https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_FIMO_V1_.pdf

https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_Gomez_Noya_V00.pdf

https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_pavillon_a_malata_2021.pdf

[https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_pavillon_C_Deporte_VE_\(1\).pdf](https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_pavillon_C_Deporte_VE_(1).pdf)

https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_pavillon_Ensanche_2021.pdf

https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/PLANES-DE-AUTOPROTECCIÓN/PAU_pavillon_Esteiro_2021.pdf

3.- SOLICITANTES.- Unicamente poderán participar nesta convocatoria os clubs, asociacións e outras entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol así como os centros escolares e organismos públicos **do termo municipal** para un **uso exclusivamente deportivo.-**

Poderase asignar ó abeiro do presente procedemento, horas para eventos puntuais solicitados por federacións deportivas autonómicas ou nacionais que se consideren de interese para o Concello de Ferrol.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES . Prazo de presentación de solicitudes: **10 días hábiles** dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP

As solicitudes se presentarán, de acordo cos modelos previstos nos anexos a estas bases, preferentemente **de xeito telemático** a través da web municipal (Portal do Cidadán_Trámites) ou no seu defecto de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas ou en calquera/s outro/s rexistro/s ou oficinas aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

5.- GUÍA DE TRAMITACIÓN

5.1.- Modelo de Acreditación da capacidade dos solicitantes,

- Para **entidades deportivas** inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás.
 - No suposto de que os solicitantes sexan entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol (antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes), bastará a indicación do número de rexistro e razón social no anexo correspondente.
- Para **entidades non deportivas** inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás.
 - ° Os solicitantes que non sexan entidades deportivas deberán acompañar á solicitude a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):
- Copia do CIF.

· Copia do NIF da persoa que asine a solicitude, así coma do título que lle outorgue a representación. Fotocopia do acto ou documento de constitución no que conste o seu obxecto social ou fins da asociación ou entidade ou no seu caso, declaración responsable sobre o uso deportivo da instalación solicitada.

5.2.- Modelos de solicitude e certificados:

- **(RP_1) RESERVAS PERMANENTES DE PARA EQUIPOS SÉNIOR QUE MILITAN NAS 1º E 2º DIVISIÓNS NACIONAIS.**
 - Anexo correctamente cuberto.
 - Certificado da federación da tempada 2021/2022.
- **(RP_2)RESERVAS PERMANENTES DE CLUBS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES PARA ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DE CALENDARIOS OFICIAIS.**
 - Anexo correctamente cuberto.
 - Acreditación de categorías e divisións: a través de certificados emitidos pola correspondente federación deportiva correctamente cuberto. (Anexo CF_Deportes Individuais ou CF_Deportes Colectivos). Tempada 2021 / 2022 ou ano 2022.
- **(RP_3)RESERVAS PERMANENTES DE ESPAZOS DE CLUBS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES PARA ACTIVIDADE NON FEDERADA.**
 - Anexo correctamente cuberto e asinado.
 - Certificado deportistas non federados/as. (Anexo CE_N)
- **(RP_4)RESERVAS PERMANENTES DE ESPAZOS PARA CLUBS DAS DIFERENTES MODALIDADES DE NATACIÓN E TRIATLON PARA A PISCINA MUNICIPAL DE CARANZA PARA ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS**
 - Anexo correctamente cuberto e asinado.
 - Acreditación de usuarios/as federados/as a través de certificados emitidos pola correspondente federación deportiva correctamente cuberto. (Anexo CF_Deportes Individuais ou CF_Deportes Colectivos). Tempada 2021 / 2022 ou ano 2022.
 - Certificado deportistas non federados/as. (Anexo CE_N)
 - Certificado dispoñibilidade de outros espazos. (anexo CE_D)
- **(RCE_1) RESERVAS PROGRAMADAS DE CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS PÚBLICOS .**
 - *Anexo correctamente cuberto e asinado.*
- **(RE_1) RESERVAS EVENTOS PUNTUAIS.**
 - Anexo correctamente cuberto e asinado. (**Prazo de presentación: 1 mes antes do evento**) Non se tramitarán as solicitudes presentadas fora de este prazo.
 - No caso de ser necesaria a colocación de instalacións ou equipamentos para o desenvolvemento do evento (gradas, tatamis, escenarios, megafonía etc..) presentarse copia da documentación de seguridade dos equipamentos a través do Rexistro do Concello de Ferrol cunha antelación mínima de 15 días naturais á data do evento. A non presentación dos mesmo suporá a perda do dereito de uso das horas concedidas.
 - **Igualdade de premios.** Declaración responsable asinada polo presidente/a da entidade na que se acredite que o evento obxecto de solicitude cumpre co establecido no acordo plenario de 26/03/2018 no que se insta ao Concello de Ferrol a non organizar nin colaborar nin economicamente, nin con recursos humanos ou materiais, con ningún evento deportivo que entregue premios diferenciados por xénero polo mesmo posto e mesma categoría. (Anexo DR_M)
 - Presentación das pólizas do seguros que a correspondente cobertura ó evento deportivo. Acreditación da cobertura sanitaria do evento. (anexo DR_S)
 - Acreditación de todas as licenzas, permisos, seguros ou liquidación de calquera taxa precisa para a realización do evento, e que correrán a cargo da entidade promotora da actividade.

5.3 Acreditación de seguros. (Anexo DR_S)

- **Actividade federada:** Copia da póliza de RC. Acreditarase estar o corrente de pago mediante xustificante de pago da mesma.
- Para a **actividade non federada:** Copia da póliza de accidentes que garanta a dita asistencia sanitaria coa mesma cobertura que se de licenza deportiva se tratase, con xustificante de pago que acredite a cobertura de todos/as

os/as participantes da súa actividade (incluídas os/as aspirantes ou en período de proba. Acreditarase estar o corrente de pago mediante xustificante de pago da mesma.

Se no momento da solicitude a entidade non tivera contratado os seguros (R.C e cobertura sanitaria), poderá aportar unha declaración responsable asinada polo representante da entidade na que se comprometa ao seu contrato antes do inicio da actividade. (Anexo XI) Neste caso, a copia da póliza de cada seguro así como o xustificante de pago dos mesmos deberá presentarse cunha antelación mínima de 15 días naturais á data do evento a través do Rexistro do Concello de Ferrol. (Anexo DR_S)

5.4- Actividades en contacto habitual con menores: (Anexo DR_M) :

Co fin de cumprir coas obrigas que establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, en relación ás persoas en contacto habitual con menores durante o desenvolvemento da actividade obxecto da solicitude, todas as solicitudes deberán vir acompañadas:

- Declaración responsable de que a persoa que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da autorización, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable

As entidades beneficiarias quedan obrigadas á comunicación de calquera cambio ou incidencia que afecte á documentación anterior.

6.-PROCEDEMENTO ORDINARIO DE OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE USO.

O procedemento iníciase mediante a presentación da solicitude de conformidade cos anexos previstos nestas bases para cada tipo de autorización.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o persoal técnico competente cualificará a suficiencia e integridade das solicitudes presentadas.

No suposto de que se aprecie a necesidade de completar ou emendar a documentación presentada, requirirase de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, para que no prazo máximo de **10 días hábiles** emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera perderá o seu dereito de participación nese procedemento. O dito prazo computarase dende o día seguinte ao da publicación do escrito de requirimento na páxina web municipal www.ferrol.gal

A continuación publicarase, mediante anuncio na páxina web municipal www.ferrol.gal, a **lista provisional de admitidos e excluídos, así como a representatividade dos clubs de natación e triatlón**, que determinará o número de horas que cada un deles poderá solicitar na Piscina municipal de Caranza.

O dito anuncio abrirá un **período de alegacións á lista provisional de 10 días hábiles**, durante os cales calquera interesado poderá alegar canto estime oportuno na defensa dos seus intereses ou presentar un horario alternativo nas franxas horarias ou instalacións sen ocupar.

Á vista das alegacións, documentos e demais antecedentes, **aprobarase mediante resolución, a lista definitiva de admitidos e excluído para as instalacións deportivas e pistas escolares** que será exposta ao público, mediante anuncio na páxina web municipal www.ferrol.gal.

Publicarase tamén unha vez resoltas as posibles alegacións efectuadas, a **representatividade de cada club de natación e triatlón para a solicitude de horas na Piscina de Caranza**, que será exposta ao público, mediante anuncio na páxina web municipal www.ferrol.gal., así como a convocatoria para as entidades a unha xuntanza para efectuar o reparto das horas autorizadas.

6.1.- PISTAS POLIDEPORTIVAS MUNICIPAIS E PISTAS ESCOLARES: CRITERIOS OBXECTIVOS DA ORDE DE PREVALECEMENTO DE SOLICITUDES.

A orde de prelación de solicitudes será o resultado de aplicar os criterios obxectivos recollidos nas bases e unicamente no suposto de que dúas ou máis entidades soliciten a mesma instalación deportiva e na mesma franxa horaria.

Solicitudes de reservas permanentes de adestramentos e competicións. (Equipos sénior nas primeiras divisións, actividade federada e non federada).

Criterios de prioridade de solicitudes:

1. As entidades deportivas inscritas no Rexistro de entidades deportivas do extinto Patronato Municipal de deportes ou no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe Deportes, fronte ás entidades que non sexan deportivas.

2. A exclusividade da instalación para a práctica desa modalidade deportiva. Prevalecerá a solicitude daquela entidade que por motivos técnicos só poida desenvolver a súa práctica na instalación solicitada.

3. A división na que compite o equipo para a que o Club ou entidade solicita pista e horario. Prevalecerá a división máis alta dos clubs solicitantes de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de solicitude na mesma franxa horaria para adestramentos de diferentes categorías e divisións, tomarase como referencia aquela división con maior representación dentro do grupo.
- Terán preferencia as solicitudes efectuadas para actividades que teñan como destinatarios usuarios:

CATEGORÍAS	Horario preferente no reparto
Pre benxamín; benxamín e alevín ou equivalentes	16:00 a 18:00 horas
Infantil e cadete ou equivalentes	18:00 a 20:00 horas
Xuvenil e sénior	20:00 a 23:00 horas

4. Maior antigüidade do club no uso da mesma instalación deportiva e coa mesa franxa horaria.

5. O maior número de deportistas usuarios da franxa horaria solicitada.

6. A maior antigüidade de fundación da entidade. Esta circunstancia acreditarase a través dos estatutos de cada unha das entidades.

Solicitudes de **reservas de espazos con carácter puntual**. (Eventos puntuais e reservas para centros educativos ou organismos públicos) Criterios de prioridade de solicitudes:

1. As entidades deportivas inscritas no rexistro de entidades deportivas do extinto Patronato Municipal de deportes ou no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe Deportes, fronte ás entidades que non sexan deportivas. A solicitude para un evento deportivo obxecto de subvención nominativa da concellería de Deportes do Concello de Ferrol.

2. A exclusividade da instalación para a práctica desa modalidade deportiva. Prevalecerá a solicitude daquela entidade que por motivos técnicos só poida desenvolver a súa práctica na instalación solicitada.

3. A cualificación do evento deportivo para o que se solicita a reserva de espazo. Prevalecerá a cualificación máis alta. (evento nacional, galego, provincial, Local e outras competicións, partidos amistosos ou evento recreativo).

4. A solicitude de evento deportivo con nº de entrada anterior no Rexistro Municipal.

Solicitudes realizadas por **centros educativos e organismos oficiais** en horario lectivo de mañá.

Criterios de prioridade de solicitudes:

1. Centros públicos
2. Centros concertado

6.2.- PROCEDIMIENTO PARA A PISCINA MUNICIPAL DE CARANZA

A través da publicación da listaxe provisional e, en base aos datos proporcionados na solicitude, comunicarse aos solicitantes a súa representatividade e o número de horas que cada entidade ten dereito a solicitar na piscina municipal de Caranza.

O cálculo do número de horas que como máximo poden solicitar as entidades efectuarase a través dunha regra de proporción directa entre as horas a repartir da instalación e a representatividade de cada un dos clubs deportivos.

A representatividade de cada club virá determinada polo seguinte:

1.- Nº de licenzas acreditadas a través dos certificados oficiais emitidos polas correspondentes federacións nos termos recollidos no Anexo.

2.- Certificación asinada polo presidente/a e secretario da entidade acerca do nº de **alumnos/as escola**. Para a valoración deste criterio tomarase en conta as persoas inscritas na Escola deportiva a **31 de xaneiro de 2022**. Deberá presentarse acreditación documental do número de alumnos recollidos no certificado a través dun medio valido:

- Aportar a **póliza de accidentes** que cada entidade debe contratar e aportar no canto de actividade non federada. Esta póliza deberá concordar co numero de usuarios que a entidade pon de manifesto ter.

· Aportar o **extracto de recibos de pago do alumnado** coa condición de non federado. (resumo da remesa de recibos onde quede perfectamente identificados os alumnos non federados, idade dos mesmos así como a súa condición de pagadores).

· Non se terán en conta como usuarios/as das escolas a todos aqueles/as que se ben sendo socios de cada entidade fagan uso da instalación de forma libre (nado libre).

3.- Aplicación de factores de corrección: Sobre o numero de usuarios (licenzas + usuarios/as escolas) aplicaranse as seguintes correccións:

· **Ponderación por sexo:** Aplicaranse factores de corrección para garantir a progresiva equiparación dos índices de participación de cada sexo nas diferentes modalidades deportivas. Para a elaboración da citada táboa, tomaranse en conta os datos estadísticos correspondentes ao ultimo **informe (maio 2022) emitido e publicado pola Federación Galega de natación, (FEGAN) e o do CSD (ano 2020)** acerca do nº de Licencias e de Clubes federados das diferentes Federaciones Españolas, a nivel da comunidade autónoma de Galicia (datos procedentes, da información facilitada por cada Federación Española para a elaboración das Memorias anuais correspondentes, e dos datos aportados, ademais pola Mutualidade Xeneral Deportiva). Atendendo a este criterio establececese os seguintes criterios correctores para aquelas modalidades deportivas con unha **representación dun sexo menor do 25%** do total das licenzas:

Factor corrección	Multiplica por 3	Multiplica por 1
Nº usuarios Masculinos	Natación Sincronizada	Triatlón, Waterpolo e Natación
Nº usuarias femininas:	Triatlón	Natación sincronizada, Waterpolo e Natación.

· **Ponderación por Categoría (idade dos participantes).** Atendendo as diferentes necesidades de adestramentos ou practica en base a idade dos/as participantes multiplicarase por 1, 2 ou 3 o numero de usuarios/as acreditados/as como factor de corrección.

X por	Ante	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	Post
	1	1	2	2	2	2	2	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	1	1

· **Ponderación por Modalidade.** Atendendo as diferentes necesidades de adestramentos por modalidade deportiva, multiplicarase po 1 ou por 1,5 segundo o seguinte:

Adestramentos por rúas	X 1	Natación e triatlón
Adestramentos por espazos	X 1,5	Waterpolo e Nat sincronizada

4.- O cálculo do número de horas que como máximo poden solicitar as entidades efectuarase a través dunha regra de proporción directa entre as horas a repartir da instalación e a representatividade de cada un dos clubs deportivos.

Entidade	Usuarios ponderados	% representatividade	Horas piscina grande	Horas piscina pequena

5.- Unha vez determinadas as horas que lle corresponden a cada entidade en base a súa representatividade, analizarase a **disponibilidade de horas de lámina de auga de cada entidade en outras instalacións, que descontaranse do computo de horas total obtido en base a representatividade.**

Entidade	Horas por representatividade	Horas en outras instalacións	Total de horas (representatividade - horas en outras instalacións)

6.- Unha vez realizado o calculo, as horas libres que resulten da compensación por **disponibilidade de horas en outras instalacións repartiranse proporcionalmente entre o resto das entidades que non dispoñan de lámina de auga fóra da piscina de caranza.**

7.- Publicada no taboleiro Web a **representatividade dos clubs de natación e triatlón, que determinará o número de horas que cada un deles poderá solicitar na Piscina municipal de Caranza, abrirase período de alegacións á lista provisional de 10**

días hábiles, durante os cales calquera interesado poderá alegar canto estime oportuno na defensa dos seus intereses ou presentar un horario alternativo nas franxas horarias ou instalacións sen ocupar.

8.- Á vista das alegacións, documentos e demais antecedentes, a representatividade definitiva dos clubs de natación e triatlón, que será exposta ao público, mediante anuncio na páxina web municipal www.ferrol.gal.

9.- Convocarase ás entidades a unha xuntanza na que, comezando por aquela entidade de **menor representación e alternativamente**, elixirán horas de adestramento (dentro das concorrentes) en base as súas preferencias. Os tramos horarios a elixir neste sistema de tanteo serán de 4,30 horas.

No suposto de non asistir á xuntanza convocada, a entidade perderá o seu dereito de elección e seranlle adxudicadas as horas sobrantes.

7.-LÍMITES DOS CONTIDOS DAS SOLICITUDES.

7.1 As instalacións deportivas obxecto destas bases permanecerán pechadas ao público, e polo tanto, non poderán ser obxecto de ningún tipo de solicitude os seguintes días: (VI Convenio Colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia

- 1 e 6 de xaneiro e 25 de decembro.
- 5 de xaneiro; 24 e 31 de decembro a partir das 15:00 horas.

Tampouco poderán ser obxecto de solicitude os días 25 de xullo e 15 de agosto.

7.2 Cada entidade deportiva unicamente poderá presentar unha solicitude de horarios por cada un dos equipos dos que dispoña ou grupo de actividade non federada. No suposto de que unha entidade deportiva presente máis dunha solicitude por equipo ou actividade non federada unicamente terase en conta a primeira en ter entrada no rexistro municipal.

7.3 Cada entidade poderá presentar solicitudes para o seus equipos para cada un os dous períodos que abrangue esta convocatoria:

- Período de tempada: do 1 de setembro ó 30 de xuño.
- Período estival: Xullo e Agosto

7.4 Con carácter xeral, cada solicitude unicamente poderá abranguer o uso dunha instalación municipal por un tempo máximo de:

- Equipos que militen nas **máximas categorías sénior das divisións nacionais**. Debido aos requirimentos das competicións, as entidades con equipos en 1º e 2º división sénior nacional poderán solicitar **ata un máximo de 7.30 h semanais en horario de tarde** e como mínimo a partir das 20.00 h

- En caso de necesitar un maior volume de horas de adestramento semanal, deberá solicitarse nos horarios dispoñibles de mañá e medio día.

- **Actividade deportiva federada e non federada.** Con carácter xeral, cada solicitude unicamente poderá abranguer o uso dunha instalación municipal por un tempo máximo de **4.30 h. /semana** por cada equipo ou escola.

7.5.- No anexo I establécense as instalacións deportivas e os horarios obxecto deste procedemento nos que as entidades poderán solicitar o uso da instalación.

Reserva de espazos para actividades municipais. Os horarios sombreados en gris non poderán ser obxecto de solicitude de ningunha entidade, por estar reservados para programas propios da Concellería de deportes ou para actividades organizadas polo Concello de Ferrol.

Límites solicitude de eventos puntuais: No canto das solicitudes para reservas de espazos para eventos puntuais, propónse, co fin de non alterar de forma excesiva os horarios autorizados as diferentes entidades, propónse o seguinte límite:

- Concederase como máximo a cada entidade deportiva autorización para a celebración de dous (2) eventos deportivos por cada tempadas obxecto da convocatoria que impliquen a revogación ou modificación de horarios de adestramentos ou competición do resto do usuarios das instalacións obxecto da solicitude.

- Non se terán en conta para o cómputo anteriormente citado as xornadas de competición pertencentes á liga regular.

Franxas horarias para optimizar usos. Nas instalacións de Caranza (Piscina e pista deportiva) e Esteiro deberase respectar as franxas horarias determinadas no cadrante, no momento da solicitude por parte das entidades.

As solicitudes para a modalidade de **waterpolo e natación sincronizada** deberán **cingirse aos espazos identificados como preferentes** para as citadas modalidades. Unha vez adxudicado o número máximo de horas ás entidades representativas de waterpolo e natación sincronizada para as citadas modalidades, e dentro das franxas horarias prioritarias para elas, se quedasen horas libres poderán ser solicitados como estaxes.

Os horarios de **fin de semana** quedarán **reservados para as competicións** de liga regular e polo tanto non poder ser obxecto de solicitude por parte dos clubs para adestramentos. Nos días que non se empreguen porque non este prevista unha competición as entidades deportivas poderán solicitar as horas en base os criterios establecidos nas bases para as solicitudes unha vez finalizado o procedemento ordinario.

7.6 - **As pistas escolares** serán obxecto de reserva durante os cursos escolares obxecto da convocatoria (período de tempada: do **1 de setembro (ou data de resolución) ata o 31 de xuño**. En caso de que as entidades teñan interese en solicitar o seu uso durante os meses de verán ou nun horario diferente durante as vacacións escolares de nadal, semana santa, entroido etc...) deberán solicitalo directamente ao centro escolar.

8.- CONDICIÓN COMÚNS PARA A AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS.

(1) As entidades responsabilizaranse do uso correcto da instalacións e do control dos seus deportistas, así como do cumprimento por parte destes das normativas e regulamentos de funcionamento.

(2) O Concello de Ferrol *poderá esixir o abono das reparacións, roturas ou danos debidos ao mal uso da instalación no horario autorizado* á entidade á que se lle concede o uso do espazo. No caso de competicións deportivas, a entidade que figure como local (á que se lle concede o uso do espazo), será a que terá a consideración de responsable subsidiaria dos danos ocasionados por xogadores, equipos ou espectadores.

(3) As entidades deberán cumprir estritamente o establecido no Regulamento de réxime interno de instalacións deportivas publicado no BOP de 30 de decembro de 2010.

(4) As entidades deberán cumprir estritamente as franxas horarias autorizadas, e especialmente serán moi escrupulosas nas franxas horarias que coincidan co peche da instalación.

(5) O control de accesos levarase a cabo con persoal municipal, quedando terminantemente prohibido que ningún membro da entidade beneficiaria do uso de ordes ao devandito persoal.

(6) É obrigatoria a asistencia do/a adestrador/a, delegado/a ou directivo/a, que deberán ser maiores de idade, durante o desenvolvemento do adestramento e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse nun/nunha xogador/a ou nunha terceira persoa allea á entidade.

(7) Non estará permitida a utilización de móbiles, cámaras fotográficas ou de vídeo e en xeral calquera dispositivo electrónico con cámara incorporada nos vestiarios.

(8) Non estará permitida a venda de mercadorías, merchandising, nin calquera outro tipo de transacción económica ou comercial.

(9) Quedan prohibidos nas instalacións nas que se realicen competicións deportivas a introdución, a venda e o consumo de toda clase de bebidas alcohólicas e de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. (art 150 lei 3/2012 de 3 de abril do deporte de Galicia e art 13.2 da lei 2/1996 de 8 de maio de Galicia sobre drogas) e respectando a normativa legal vixente para os espectáculos deportivos.

(10) En virtude do establecido no art. 7 da lei 28/2005 do 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro o consumo e a publicidade nos produtos do tabaco, prohíbese totalmente fumar nas instalacións deportivas obxecto da presente convocatoria.

Obrigas das entidades beneficiarias: As entidades ás que se lles asignen usos deberán:

- **Obriga de comunicación de renuncia** en caso de non empregar as horas autorizadas, ou renunciar a elas, co fin de que a concellaría de deportes poida poñer a disposición do resto das entidades evitar situacións de pistas sen actividade e clubs con necesidades de máis horas de adestramentos.

- No caso de renuncia total ou parcial das horas adxudicadas, as entidades autorizadas deberán comunicalo a través de escrito presentado no Rexistro municipal aos efectos de poñer a disposición do resto de entidades deportivas as horas non empregadas.

- Prestar a colaboración de xogadores/as e/ou técnicos/as para actos puntuais de promoción deportiva ou eventos deportivos, que lles sexa solicitada pola Concellería de deportes por consideralos de interese para a cidade.

- Prestar a colaboración organizativa en todos aqueles actos que sexan organizados en exclusiva polo Concello de Ferrol, dentro do ámbito da súa competencia.

- O palco de presidencia de todas aquelas instalacións deportivas obxecto da presente convocatoria será presidido polo alcalde, que poderá cursar as invitacións oportunas ata un máximo do 50% da súa capacidade, correspondendo o resto á entidade beneficiaria do uso da devandita instalación.

- Indicar en toda a publicidade da entidade o logo oficial do Concello de Ferrol.

Condicións en materia de publicidade.- As condicións relativas á colocación de publicidade nas instalacións deportivas serán as seguintes:

- A entidade interesada deberá facelo constar na solicitude de reserva de espazo dirixida á Concellería de Deportes.
- O contido da publicidade deberá ser acorde coa normativa reguladora desta materia para instalacións deportivas.
- Tendo en conta que as instalacións deportivas obxecto das presentes bases, son de acceso maioritariamente de menores de idade, queda prohibida toda clase de publicidade directa, indirecta ou subliminal de bebidas alcohólicas. (art. 15.5 da lei 11/2010 de 17 de decembro de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.)
- A colocación de publicidade non poderá danar a instalación nin deixar marcas trala súa retirada.
- Non se poderán instalar valados de publicidade que pola súa colocación, material ou características técnicas puideran presentar un perigo para o desenvolvemento do xogo.
- A autorización para a colocación da publicidade, **limitarase ao tempo do evento ou partido**, finalizado o cal, deberá ser retirada pola entidade deixando a instalación nas mesmas condicións nas que estaba inicialmente. A colocación da publicidade e a súa retirada, así como os gastos orixinados por estas accións, serán por conta da entidade autorizada.

No canto **das pistas deportivas escolares:**

- (1) Os responsables das entidades autorizadas comprométense ao respecto e bo uso das instalacións e do material do centro que se atope no interior do recinto deportivo.
- (2) As entidades responsabilizaranse dos danos e da suciedade ocasionados polos seus membros no interior do recinto educativo durante o tempo de uso autorizado.
- (3) As entidades responsabilizaranse de que os seus deportistas menores de idade estean sempre acompañados por unha persoa responsable, maior de 18 anos (adestrador ou delegado). Non se permitirá a presenza de persoas alleas (incluídos pais, amigos, etc.) durante a celebración dos adestramentos. Así mesmo está prohibida a entrada á instalación de animais de compañía agás cans de asistencia.
- (4) Non se permite a entrada nas instalacións con alimentos ou bebidas de cristal.
- (5) Está prohibido fumar na instalación.
- (6) Queda prohibido o acceso de calquera vehículo (incluídas motos, ciclomotores, bicicletas, patinetes, etc.) ao interior dos pavillóns. Só poderán estacionar nas zonas asfaltadas do exterior.
- (7) Entregaráselles ás entidades unha chave da porta de acceso peonil ao pavillón, da que se responsabilizarán, comprometéndose a non facer copias nin deixala a ningunha persoa allea á súa entidade. Así mesmo comprometeranse a entregala nas oficinas da concellería de Deportes do Concello de Ferrol ao remate do período de uso autorizado.
- (8) As entidades comprométense a comunicar o non uso das instalacións nos horarios autorizados. O non uso reiterado das mesmas poderá ser causa de revogación da autorización de uso.
- (9) O incumprimento das normas descritas anteriormente poden dar lugar á revogación da autorización ao uso das instalacións.

No canto **das Pistas de Atletismo:**

- (1) Absteranse de correr polas dúas primeiras rúas, evitando o seu excesivo desgaste, incluso para series longas, nas que aconsellamos tomar a rúa núm. 5 como corda. A título de referencia, por esta rúa 5, a diferenza é de 30 metros en cada volta con relación á rúa núm. 1, axustándose ás saídas, consecuentemente, segundo a distancia total a percorrer (existen marcas de cor amarela na liña e nº de km no cemento).
- (2) Para series de máis de 400 metros utilizaranse as rúas núm. 5 e 8.
- (3) Para series inferiores aos 400 metros utilizaranse as rúas núm. 3, 4, 6 e 7.
- (4) Os/as atletas axustaranse á seguinte distribución semanal:
 - Luns, mércores e venres: rúas núm. 3 e 4.
 - Martes, xoves e sábados: rúas núm. 6 e 7.
- (5) A práctica de saídas curtas de 30, 40, 50, etc. metros efectuarase no módulo cuberto ou na recta oposta á meta, en que xa existe a zona correspondente, e nunca nas rúas núm. 1 e 2.
- (6) O adestramento de peso realizarase na zona de area habilitada para iso.
- (7) Para o adestramento de saltos horizontais utilizaranse os foxos da recta oposta á meta e o do módulo cuberto.
- (8) Os saltos verticais adestraranse no módulo cuberto.

(9) Os arrastres realizaranse sempre que sexa posible no módulo cuberto e no corredor de saltos da recta oposta á meta.

(10) Os valos, conos e outros materiais serán retirados da pista despois de ser utilizados, para evitar así que, por oxidación, se deteriore o pavimento sintético.

(11) Os adestramento que se relacionan a seguir realizaranse concertando previamente coa Dirección Técnica da instalación e ponderando circunstancias climatolóxicas e de utilización xeral:

- Zona de competición de saltos verticais
- Os test de control polas rúas 1 e 2
- Lanzamento de martelo

(12) A Dirección Técnica da instalación ten facultades para variar, segundo as necesidades, calquera das presentes normas.

(13) Co fin primordial de manter as instalacións en bo estado e ordenar os adestramentos en beneficio dos propios atletas, debe terse en conta:

(14) Non efectuar progresións, quecementos ou exercicios sobre valos no rectángulo de saltos de altura, agás que estean en zapatillas adecuadas e non entorpezan os adestramentos de saltos ou lanzamentos.

(15) Non debe permanecer en pista ningún atleta sen licencia federativa ou carné do club ao que pertence, calquera que sexa a súa idade.

(16) Queda totalmente prohibido realizar o quecemento sobre o céspede, coa única excepción dos atletas mancados. Este realizarase pola zona de herba, polas pistas de tenis e detrás do módulo cuberto e a pista sintética.

(17) Os días que a Concellería de Deportes ou a Delegación da Federación de Atletismo efectúen un control ou probas, suspenderanse todos os adestramentos.

(18) O persoal encargado das instalacións poderalle retirar a tarxeta de acceso a toda aquela persoa que incumpra algunha das normas anteriores e quedaralle prohibido o acceso a estas.

Condición de uso do **Rocódromo**: Todo deportista é coñecedor de que os deportes verticais entrañan un risco, polo que o uso do Rocódromo supón un acto de voluntariedade asumindo un risco innato da actividade.

(1) Os menores de idade deberán estar en presenza dun monitor ou adulto responsable. Non se permitirá o acceso ao rocódromo nin se entregarán as chaves da porta a ningún menor de idade.

(2) A instalación permaecerá pechada, cando coincida coa disputa de partidos no estadio Municipal de A Malata ou calquera outra actividade deportiva, cultural ou de mantemento de instalacións que poida interferir na práctica da escalada.

(3) O uso do rocódromo de escalada é similar ao da escalada nun entorno natural, débense usar técnicas e elementos de protección propios da escalada deportiva, así como colchonetas de protección individual e colectivas no caso de ser necesarias. O usuario do rocódromo empegará o seu material de seguridade que deberan estar ter a certificación CE, para esta actividade.

(4) Queda prohibida a manipulación da estrutura do rocódromo no que se refire a presas e seguros.

(5) Queda limitado a 5 o número de deportistas que poden estar na parede principal do rocódromo a vez. Prohíbese escalar por debaixo da vertical doutro escalador.

(6) A orde de utilización das distintas vías estará rexida pola orde de chegada á instalación, quedando limitado o tempo de utilización dunha vía a 30 min.

Condicións relativas as competicións deportivas e eventos puntuais. Ademais das condicións comúns:

- O control de accesos durante as competicións levarase a cabo por persoal habilitado designado pola entidade.
- Deberanse respectar en todo momentos os aspectos de seguridade recollidos nos Plan de Autorpoteccion de cada unha das instalacións deportivas, especialmente os referidos o **aforo de espectadores**.

- O concellería de Deportes determinará a necesidade do persoal de seguridade, portas e billeteiras, a súa situación para a atención dos servizos de acceso e acomodación dos espectadores e do resto do persoal que interveña directa ou indirectamente. Este será proporcionado por conta da entidade. No caso de que se prevea para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, a entidade comunicarao por escrito á concellería de Deportes **unha antelación mínima de 10 días hábiles** para que se poidan adoptar as medidas pertinentes. De non facelo así a entidade beneficiaría asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación.

- Así mesmo se pola importancia do evento fose necesario, segundo informe motivado do técnico municipal responsable, establecer un dispositivo de seguridade ou doutro tipo para garantir a boa orde do evento en si, a entidade solicitante deberá sufragar o custo dos mesmos. Con todo, tales servizos deberán axustarse ao protocolo de funcionamento das instalacións deportivas para espectáculos deportivos e ao disposto pola Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.-

- As persoas físicas ou xurídicas que organicen calquera proba, competición ou espectáculo deportivo ou os acontecementos que constitúan ou formen parte das devanditas competicións serán, patrimonial e administrativamente, responsables dos danos e das desordes que se poidan producir pola súa falta de dilixencia ou prevención ou cando non adoptasen as medidas de prevención establecidas no título IX da lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia. Cando varias persoas ou entidades sexan consideradas organizadoras, todas elas responderán de forma solidaria do cumprimento das obrigas previstas nesta lei. (art 151 lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia).

- As entidades promotoras do evento quedarán suxeitas a calquera indicación o condición que de forma expresa estableza o coordinador de seguridade do Concello de Ferrol así como os responsables das instalacións deportivas.

9.- AUTORIZACIÓN DO USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS FINALIZADO O PROCEDEMENTO ORDINARIO.

9.1.- Finalizado o procedemento, unha vez publicada a lista definitiva de adxudicacións, no suposto de quedar franxas horarias ou instalacións sen ocupar poderanse distribuír entre as entidades, asociacións ou clubs que as soliciten atendendo ao estricto **orde de entrada no rexistro** municipal e cos mesmos límites horarios establecidos no procedemento ordinario (4.30 h/semana por equipo ou actividade que se poderán engadir ás xa autorizadas durante o procedemento).

9.2.- **Permutas.**- No suposto que dúas ou varias entidades deportivas, resultando beneficiarias de horas de adestramento para os seus equipos, grupos, escolas etc.. acorden, en prol do mellor funcionamento ou organización das súa actividade, permutar de forma permanente as horas adxudicadas, deberase ter en conta o seguinte:

O intercambio de horas deberá solicitarse á concellería de Deportes, **nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do listado definitivo** mediante escrito asinado por todas as partes onde quede claramente reflectido a procedencia e o destino das horas obxecto de permuta.

O cambio solicitado queda supeditado á previa aprobación pola concellería de Deportes, sempre que *non prexudique os dereitos do resto das entidades participantes* no procedemento (por non ter solicitado as ditas horas obxecto de cambio ou por non resultar beneficiaria das horas no caso de concorrer durante o procedemento ordinario con calquera das entidades solicitantes do cambio). Así mesmo seguirase o mesmo procedemento e condicións no caso de interese, por parte dunha entidade, de cambio de horas de adestramento ou competición autorizadas entre os seus propios equipos.

9.3.-Cando por razóns extraordinarias, teñan que **celebrarse partidos aprazados** ou amistosos terase en conta o seguinte:

- No caso de celebración do partido dentro das horas de adestramento concedidas á propia entidade, deberá solicitalo por escrito á Concellería de deportes cun prazo mínimo de 72 horas de antelación. No caso de celebración do partido fóra das horas adxudicadas á entidade , deberán ser solicitados por escrito a Concellería de deportes cun prazo mínimo de antelación de 15 días hábiles. Intentarase fixar en horarios que non interfiran co desenvolvemento de actividades doutras entidades.

- Non se atenderá ningún cambio que se realice telefonicamente ou mediante outro medio que non sexa por escrito.

9.4- **Mecanismos de Control.**- Con data límite o 15 de setembro previo o inicio de cada tempada (2023/2024 e 2024/2025) as entidades deberán:

- Comunicar a Concellería de deportes calquera cambio ou permuta de destinatarios dentro das horas autorizadas co fin de adecualos a estrutura da nova tempada. Os cambios solicitados quedan supeditados á previa aprobación pola concellería de Deportes, que velará por que se cumpran os límites establecidos na Base 7.

- **Actividade non federada:** Seguro de accidentes que garanta asistencia sanitaria coa mesma cobertura que se de licenza deportiva se tratase, con xustificante de pago que acredite a cobertura de todos/as os/as participantes da súa actividade(incluídas os/as aspirantes ou en período de proba)

- **Actividade federada:** Seguro de RC e declaración responsable asinada pola/o presidenta/e a da entidade que acredite que todas/os participantes están en posesión da correspondente licenza deportiva.

9.5.- **Reservas de carácter puntual** para a realización de eventos deportivos de interese para a cidadanía (campionatos, torneos, partidos amistosos, concentracións, campus, xornadas, exhibicións...):A solicitude presentarase por escrito cunha **antelación mínima dun mes**. Non se tramitará ningunha solicitude que non respete o prazo anteriormente indicado.

10.- CAUSAS DE PERDA DO DEREITO DE USO DA INSTALACIÓN.

Serán motivos de revogación da autorización de uso das instalacións:

